

# Roteiro polos espazos vitais e literarios de Vicente Risco en Allariz

**con Antonio Blanco Rodríguez**

**Allariz, 27 de xaneiro de 2024 - Código en fprofe: G2303008**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Fundación Vicente Risco



**Antonio Blanco Rodríguez**

Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Especialista en Historia, Sec. Historia da Arte. Foi profesor no ensino secundario ata a súa xubilación. Desde 1991 ata 2003 foi o responsable da Área de Educación, Cultura e Deporte no Concello de Allariz, no 2008 foi delegado provincial en Ourense da Consellería de Cultura e Deporte, foi un dos promotores da Fundación Xan de Arzúz que se adica á promoción e organización da Festa do Boi e na actualidade é membro do Padroado da Fundación Vicente Risco desde a constitución desta.

Participou na elaboración da publicación *Cultura e concellos: as estraxexias da promoción cultural no ámbito local* (1998) e xunto con Juan Seara editaron *El castillo de Allariz* (2018) obra de Vicente María Feijoo. É autor das obras de ensaio *Doces e amendoados, chocolates e licores de Allariz* (2005) e *Pombais de Allariz* (2023).

Por outro lado publicou numerosos estudos sobre a historia de Allariz como relativos á presenza xudía en Allariz, aos sucesos acaecidos pola morte por asfixia branca acaecida na igrexa de San Salvador do Piñeiro, a posta en valor do Patrimonio Arqueolóxico no Concello de Allariz (Armea, San Salvador dos Penedos e Pontón do Briñal)...

## Índice

**Punto 1** — Fundación Vicente Risco
Rúa San Lourenzo, nº 3 ........... 05
**Punto 2** — Igrexa de Santiago
Praza de Abaixo ........................ 07
**Punto 3** — Sátiro Lamas
Praza de Abaixo ........................ 08
**Punto 4** — Antigo Xulgado
Rúa do Portelo, nº 4 ................. 10
**Punto 5** — Palla Barro
Rúa Sur, nº 3 ............................... 13
**Punto 6** — Castelo e Socastelo
Policarpo Sanz, nº 24 ............... 16
**Punto 7** — Casa do Padre Feijoo
Rúa do Cárcere .......................... 24
**Punto 8** — Cruceiro de Vilanova
Rúa de Vilanova ........................ 26
**Punto 9** — Cemiterio
Rúa do Cemiterio ...................... 29
**Punto 10** — Pombal da ponte
Ponte de Vilanova ..................... 31
**Punto 11** — Arnado e Alameda
Campo do Arnado e
Paseo da Alameda .................... 32



María del Carmen Fernández e Vicente Risco por unha rúa de Allariz.

## Punto 0 — Allariz



### Texto 1

Pocas son las villas gallegas que ofrecen una estructura compacta. Las más tienden a derramarse por las carreteras, adquiriendo una disposición estrellada, de pulpo o de araña. Allariz ha tenido la suerte de que la carretera principal la medio envolviese en una amplia curva, lo que le permitió atenerse, en gran parte, al antiguo trazado de sus murallas, Sin duda, este circulo mágico la ha preservado de muchos peligros. El plano de una población es un pantáculo, y de su geometría depende en gran parte su suerte futura. Esto lo saben todos los pueblos antiguos, especialmente los chinos.

Vicente Risco (1956) "La villa de Alarico", diario *Informaciones* o 24 de maio de 1956.

### Texto 2

El valle de Allariz forma unha cuenca o fosa de lengua y media de diámetro, cuyo horizonte se halla cerrado al N. por el Pico de Castrelos, el Outeiro de Boa Madre y los montes de Santa Mariña, y al S. por el San Cibrao, el Penamá y los montes de San Marcos que presentan una multitud de cotos cónicos de granito ruiniforme de curiosísimo aspecto que encierran en su encañadas paisajes muy hermosos. Hacia el O., en el horizonte, la iglesia de Corbillón pertenece ya al partido de Celanova, y hacia el E. se ve perfectamente la villa de Junqueira, dominada por la torre de la Colegiata, y desde los puntos altos, la sierra de San Mamed. La masa considerable de Penamá, obscuro y pelado, pone una nota de tristeza, y en general el paisaje es mucho más hermoso visto en detalle que en conjunto.

El río Arnoya, contenido por numerosas presas, se presenta ancho y tranquilo como un espejo en el que se reflejan los árboles de la orilla, asemejándose algo al Lérez, cerca de Pontevedra, y prestándose a la pesca y al *canotage*. Recibe numerosos arroyos que dan frondosidad a la tierra. En las orillas hay buenas huertas y fincas hermosas, molinos y fábrica.

*Producciones, agricultura y ganadería.*— Ya hemos indicado las principales producciones, que son: cereales, patatas, hortalizas, algún vino flojo llamado *purrela*, lino y algunas frutas y hierba. Hay ganado de todas clases, el más importante el

vacuno, del que se cuentan unas 3,087 cabezas, y es también importante el caballar y asnal. Se practica mucho la pesca en Arnoya.

*Industria y comercio.*— La gente de Allariz es bastante emprendedora. Hay aquí industrias tradicionales que producen utilidad considerable. La principal es el curtido de pieles, de la que hay cuatro fábricas en Allarjz, dos en Valverde, seis en Vilaboa, once en la Portela, cuatro en la Acea, dos en Meire y una en Vilar de Flores; en total, 29.

Los procedimientos son primitivos, lo que no impide que los curtidos sean objeto de un activo comercio que ha enriquecido a muchas familias.

La zapatería le sigue en importancia. Los zapateros de Allariz, muy hábiles, concurren con su mercancía a casi todas las ferias de la provincia, llevando casi siempre dos o tres automóviles grandes para su exclusivo servicio.

La industria del dulce da también nombre a Allariz. El típico es de almendra: las famosas almendras de picos, exclusivas de la villa; los *almendrados*; las *roscas de cazo*, y las *tartas*, especialmente la llamada *tarta real*. También se fabrican roscas de huevo parecidas a las de Silleda y curiosos juguetes de clara de huevo y azúcar (cestas, rosarios, sombreros, etc.) llamada *fruta real*.

Vicente Risco (1928) *Provincia de Orense,* en F. Carreras y Candi (dir.) *Geografía general del Reino de Galicia*, Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín.

## Texto 3

### No alto do Penamá

Eu rubín á montaña. As xestas xa non están froridas d'ouro, mais están cheas de semente, metida en vainas veludas, e arrecenden cand'as queima o sol. Á veira dos camiños, os estraloques frolecen, e na terra branca andan as formigas de cabeza bermella.

Eu rubín á montaña, pol-a costa pina, pisando nos toxos e nas carpazas, pol-as horas de sol. Mais no alto, corre aire fresco, e vense até os montes de Portugal. Toda a terra está cadriculada de searas e agros marelos, de touzas escuras, de lameiros verdes, á veira da Arnoya. Car'o Norte está Ourense, afundido: ves'o Cuartel de San Francisco, e as casas da Ponte Mayor, e o Monte Alegre coberto de Pinos. Car'o Sur, a llanada da Limia, e toda a lagoa, e o castelo de Sandiás. Car'o Naciente a serra de San Mamede, e o Rodicio, e atrás está a miña terra de Caldelas... Unha brétema ténue cobre toda a lonxanía azul.

Eu rubín a montaña. Mais aló no alto, non me sentín por riba de todal-as miserias humanas, com'outros din que se sinten. Eu rubín á montaña levando comigo os meus pensamentos e dotal-as miñas debilidades. Mais penso que con todo iso estiven mais perto de Deus, porque canto un mais s'achega á natureza, áchase mais perto de Deus, e áçachase un mais perto de Deus, canto mais homilde se fai, e coma eu na montaña atopei xestas e carpazas e formigas, e quixen ser com'as xestas, e com'as carpazas e com'as formigas, por iso cheguei mais perto de Deus, porqu'eu ben sei que Deus está millor antr'as xestas e as carpazas e as formigas, que non no alto da Torre Eiffel ou na compaña dos homes capaces de medir ó Micromegas.

E isto é porque as xestas, e as carpazas, e as formigas e todalas outas criaturas, siguen todas a lei que Deus lles marcou, mais somentes o home lle nega a obedencia a isa lei, e revólvese contra Deus, e mais contra de todol-os outros seres da natureza, seus irmaus, e contra da Natureza, sua nai.

E por iso Deus áchase aínda no mais pequeno grau d'area qu'o vento leva, mais o Demo áchase somentes no curazón do home, exceución rebelde e disgraciada no medio da obedencia santa da Natureza.

Vicente Risco «No alto do Penamá», en *La Zarpa*, sábado 24 de xuño de 1922.

## Punto 1 — Fundación Vicente Risco - Rúa San Lourenzo, nº 3




A Fundación Vicente Risco (botou a andar o 12 de abril de 1995) está situada na rúa San Lourenzo, na que foi casa petrucial da dona de Vicente Risco, María del Carmen Fernández Gómez. Hoxe de propiedade municipal, é cedida á Fundación Vicente Risco para custodia dos fondos bibliográficos, documentais e plásticos de Vicente Risco e do seu fillo Antón.

Con trinta e moitos anos ás costas, en 1922, **Vicente María Agustín Gerónimo Martínez Risco y Agüero** (Ourense, 1 de outubro de 1884 e finado na mesma cidade o 30 de abril de 1963) casa cunha rapaza loira, **María del Carmen Fernández Gómez** procedente da pequena burguesía de Allariz. Era filla do expresidente da **Deputación de Ourense**, **Manuel Fernández Rodríguez (29 de xuño de 1949) e de Asunción Gómez Pul (27 de xaneiro de 1962)**, da familia dos Seara, naturais de Pereira e desa vila, respectivamente. Ela pasaba tempadas en Ourense cuns seus parentes. Coñeceuna co gallo dunha función de afeccionados que el dirixía e na que ela traballaba. Era fermosa e distinguida, e deslumbrouno.







Como ela mesma lle manifestou a Olegario Sotelo Blanco, era unha das poucas primeiras mulleres que estudara bacharelato no Instituto de Ourense, cando daquela eran escasas as mulleres que cursaban estudos. E como tal podía axudar o seu marido no traballo revisando os seus escritos, pasándoos a máquina a e acollendo sempre con cordialidade as visitas, que eran moitas.

O escritor Antón Tovar Bobillo lembrou, da boca da súa nai, algunha anécdota destas visitas de Risco á casa da noiva en Pereira. Conta como as gabanzas da futura familia política cara a Risco non eran precisamente laudatorias, por consideralo non atractivo no aspecto fisico. En troques a moza si «sentia unha gran devoción polo que foi o seu home».

Á muller, María del Carmen Fernández Gómez, non a chamaba polo nome; chamouna sempre *«Nena»*, mesmo cando xa os anos ían andados. Certa vez que o Vicente, na casa, reclamábaa berrando.: *«Nena, nena!»,* unha criada foina avisar: *«Señora, o señor está a chamar a non sei que nena, pero eu non vexo a ningunha»*.

Nacerán os seus fillos, nesta a casa:

- Carmen Martínez-Risco Fernández, Carmeliña, que levaba o nome da súa tía solteira Carmucha ou Carmeliña (1923 - 18 de abril de 1926, con 33 meses),
- Antonio Manuel Vicente Martínez-Risco Fernández, coñecido como Antón, nome dos avós parternos, Antonio e Antonia, e apadriñado polo benquerido Ramón Otero Pedrayo (30 de maio de 1926 - Vigo, 7 de febrero de 1998),
- María Jesús Rosario Martínez-Risco Fernández, Chus (1933) e
- María Cruz Antonia Martínez-Risco Fernández, Cruz (1943 - 24 de decembro de 1992)

Como lembraba a súa filla María Jesús, esta tamén foi a casa do acubillo nos primeiros anos do franquismo:

**Texto 4**

**Dixécheme que preferiches non ir á Universidade de Santiago porque había un profesor en Filosofía e Letras que atacaba a teu pai publicamente.**
Creo que ese profesor tiene un hijo que vive todavía y por eso no me gusta mucho decir estas cosas. Pero es de dominio público, porque lo atacaba en el periódico, que se puede leer en las hemerotecas. Era Moralejo, catedrático de Latín. Lo denunciaba por su pasado galleguista. ¡Pero si mi padre estuvo perseguido! Un día vino a casa mi tío Manolo, hermano de mi madre, a avisarle: «*Vicente, que vienen a por ti*». Era secretario del Juzgado de Ourense. No sé cómo se había enterado y le insistió: «*Vente a Allariz, que vienen a por ti*». También recuerdo que mi padre tenía reuniones con su grupo en un piso de la plaza del Ferro. Y los denunciaron como si allí se reunieran para conspirar. En casa nunca se comentaba nada de eso. A lo mejor mi madre nos decía: tu padre lo está pasando mal. Alguna vez. Pero que él manifestara preocupación de este tipo en casa, nunca en la vida[1].

**Carmen Fernández Gómez** finou na súa casa o 3 de outubro de 1986 aos 82 anos.

**Texto 5**

**Carta 45**
[Allariz, finais de xuño-comezos de xullo de 1923?]
Sr. D. Anton Lousada Dieguez
Querido Antón: non sei si che debía carta ou ti a min. En toda esta tempada tiven traballos, viaxes e aínda disgustos a eito. Levo eiquí dende que rematei os esames, indo a veces a Ourense. Ises días fun a graduarme os ollos, e dixéronme, ou non sei si foi n-outro viaxe, díxome o Pepe Penile qu'estaban n-Ourense. Fun varias veces perguntar por ti ô Miño, e ainda ô auto do Carballiño e mais ô Café Royalty por ver si te via, e nada. Estou un pouco adicado â vagancia, xa era tempo, porque non te podes figurar com'estaba de canso e ainda con saúde pouco solida.
Agora, o acontecemento da miña vida é que fai cinco días que tiven unha nena: xa sei que ti tiveches outra fai pouco: dixom'o Castelao, e un día por outro, xiquera ch'escribin. Perdoa: agora, douche a nova do nacimento da miña. Gracias a Deus esta moi boa, ela e a nai e é cousa que sirve pra compensar a un dos disgustos todos que nunca fallan. Non é? Eu estou moi contento, coma podes supor. (...)

Joaquín Ventura Ruíz (2010) *Epistolario de Vicente Risco a Antón Losada Diéguez*, Deputación de Ourense, p. 163

[1] Olivia Rodríguez (2011) «Conversa con María Jesús Martínez-Risco», *Madrygal*, nº 14 163-171.

## Punto 2 — Igrexa de Santiago - Praza Maior



Nunha vila que, como di Marcial Suárez, posúe o maior número de igrexas por católico cadrado, Vicente Risco atopou o escenario ideal para a súa relixiosidade. Infatigablemente presente na misa diaria da parroquial de Santiago, a súa imaxe, co sombreiro calado e os característicos lentes, está aínda presente para os veciños máis veteranos. Sentado, case engrupado, respiraba a espiritualidade de Allariz nos asentos de pedra da Praza de Abaixo.

O casamento entre **Vicente Risco** e **María del Carmen Fernández Gómez** oficiouse o **29 de maio de 1922** na igrexa de Santiago de Allariz a cargo do presbitero Marcelo Macías, actuando por ambas partes como testemuñas do devandito acto José Bobillo, Julio Ofúndez, a súa nai viúva Antonia Agüero, Manuel Fernández Gómez, Luis Conde, Manuel Fernández Rodríguez (avó paterno da noiva), David Cortón e Arturo Noguerol. Risco contaba con trinta e sete anos de idade. Levaba seis anos exercendo como profesor e cun soldo que roldaba as sete mil pesetas anuais e estaba en plena efervescencia cultural.

**Texto 6**

De las iglesias, la más interesante es la de Santiago, románica, del siglo XII, con modificaciones posteriores. Es de una sola nave, terminada en un ábside semicircular, un poco alargado, y tiene dos capillas adosadas del lado del Evangelio. La fachada presenta una portada de tres archivoltas, la exterior de billetes que presentan al exterior sus bases decoradas con ruedas rosáceas, triskeles y tetraskeles, descansando en jambas, y las interiores de molduras descansando en columnas con capiteles de hojas y quimeras. Encima hay una imposta sencilla y luego un rosetón románico, rematando en piñón coronado por el Agnus Dei. En el lado N. hay una torre moderna donde está el reloj del pueblo. En la fachada S. hay otra puerta análoga a la principal de dos archivoltas. Tiene canecillos decorados. El ábside es lo más hermoso a pesar de haber sido desfigurado levantando el tejado y añadiéndole un cuerpo liso pintado de gris. Tiene contrafuertes en forma de columnas y preciosas ventanas de arco con columnas en las jambas de profusa decoración, que encuadran troneras, y remata en una cornisa de arquitos vanos sobre hermosos canecillos decorados. Por el lado S. del ábside se han añadido contrafuertes modernos. El interior está desfiguradísimo; el presbiterio está revocado, y sobre la nave se construyeron arcos modernos. Tiene dos sepulturas antiguas y altares barrocos, algunos regulares, y algunas buenas imágenes, como la Virgen de la O. Había en esta iglesia algunas fundaciones antiguas; una de ellas, de los antecesores del Marqués de Malpica, en 1495, tenía cuatro capellanes y un sacristán-sacerdote que cobraban 111 fanegas y media y 686 reales. Continúan en vigor la de la misa de alba, establecida en 1688 por doña Ana Feijóo, y la de la misa de doce, de don Benito Oxea de Ribera, que lo fue en 1657.

Vicente RISCO (1928) *Provincia de Orense,* en F. CARRERAS Y CANDI (dir.) *Geografía general del Reino de Galicia*, Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín.

## Punto 3 — Sátiro Lamas e *La Voz de Allariz* - Praza de abaixo






Foto: Arquivo Municipal de Allariz - Praza Maior (1923)

*La Voz de Allariz*, subtitulado *Semanario defensor de los intereses populares*, saíu a luz o 19 de xaneiro de 1919 sendo fundado e dirixido polo avogado Sátiro Lamas. Xornal de carácter anticaciquil sendo o seu principal obxectivo a denuncia da corrupción na Administración pública. Entre os seus colaboradores figuraron Osío Lamas Cid (irmán tenente alcalde de Xunqueira de Ambía), Matías Martínez Vázquez, Eladio Losada, e Pardo. Constaba de catro páxinas e tirábase na imprenta de Manuel Puga.

Sátiro Lamas presentouse como candidato a Deputado nas Cortes pola provincia de Ourense polo distrito de Trives (así apareceu en *La Región* o 28 de abril de 1923) pero non saíu elixido. Polo distrito de Pobra de Trives foi elixido Prudencio Rovira Pita, coñecido como Rovirita. Sátiro Lamas tamén desempeñou o cargo de rexistrador interino.

Os dous irmáns, Sátiro e Osío presentáronse ás oposicións ao Corpo de aspirantes á xudicatura e ao Ministerio Fiscal.

Sátiro Lamas era amigo de Vicente Risco, de feito, era o propietario da barca que Risco empregaba para dar paseos polo río Arnoia.

### Texto 7

O que non nos permitía era falar mal de ningués. Se á miña irmá ou a min se nos ocorría dicir algo ou criticar a algunha persoa, inmediatamente dicía «morra o conto», e aí acababa todo. Nesas cousas era moi firme.

Por outra parte eu tiña moita liberdade para facer o que quería. Agora ben, tiña que dicir onde ía ou que ía facer. Nas festas do San Benito de Allariz, e tampouco sei por que, non nos deixaban saír o luns pola noite -duraba de sábado a martes-. A miña prima, da idade do meu irmán, tiña que se quedar na casa e eu, moito máis nova, podía saír se estaba o meu pai, porque el me daba permiso. Aínda non sei que era pior, porque me obrigaba a bailar con todo o que me convidase, novo ou vello, guapo ou feo. E alí quedaba, encostado na pasarela dunha casa da praza de arriba, que era onde se celebraba o baile, a disfrutar das festas.

María Jesús Martínez-Risco Fernández (2003) «O Pai» en VVAA. *Vicente Risco. O mestre sempre vivo*, La Voz de Galicia, p. 11.








## Texto 8

La parte antigua, fuera de lo ya nombrado y del barrio de Subcastelo, situado en las faldas del mencionado cerro, forma diez y seis calles y tres plazas. La Plaza de Eduardo Cobián, vulgarmente llamada Plaza d'Arriba, está al E. de la iglesia de Santiago. Es cuadrangular y bien empedrada. En ella está la Casa-Ayuntamiento, de fachada reconstruida, pues antiguamente tuvo soportal y gran balcón. En los bajos está el casino Liceo-Recreo. En el lado N. de la plaza hay una casa vieja llamada *A Paneira*, porque era de un jpósito a cargo del Concejo, que juntaba 800 fanegas de centeno que se repartían a los pobre en Mayo para simiente y se recogía en Agosto con el aumento de un cuartillo por ferrado. En la pared de esta casa hay una fuente de dos caños. La plaza se continúa por una explanada más baja, al N. de le iglesia, a la cual da la casa llamada el Mesón, con un hermoso balcón barroco sobre ménsulas de molduras y volutas, al que desgraciadamente hubo que quitar la barandilla de piedra. Parece que perteneció a la casa de Sotomayor.

Vicente Risco (1928) *Provincia de Orense,* en F. Carreras y Candi (dir.) *Geografía general del Reino de Galicia*, Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín.

## Punto 4 — Antigo Xulgado (Manuel Romasanta) - Rúa do Portelo, nº4



Vicente Risco ingresou na RAG o **23 de febreiro de 1929**, por proposta de Manuel Martínez Murguía, Eladio Rodríguez González e Manuel Lugrís Freire. O solemne acto celebrouse no Salón de actos da Reunión de Artesáns da Coruña. O discurso pronunciado polo autor ourensán para a ocasión levou por título *Un caso de lycantropía* e versou sobre o caso de Manuel Blanco Romasanta, «o lobishome de Allariz» (1809-1863). A resposta ao discurso de ingreso foi dada por Ramón Cabanillas. Foi editado en 1971 pola imprenta Moret, da Coruña. Neste xulgado foi onde estivo preso e onde tivo lugar o proceso.

### Texto 9





Alá pol-os anos de 1852 ó 1854, chamou moito a atención da xente, dentro e fora de Caliza, e ainda ben lonxe, a causa que lie formaron no xusgado d'Allariz a Manuel Blanco Romasanta, a quen chamaban o home do unto. Iste proceso ten canto precisa pra ferir o maxín dos homes, e garda unha semellanza chocante co-esas soadas causas por crimes estranos, que se solen dar en Francia en todol-os tempos, mais con especialidade diante das cortes do antigo réxime. Unha causa com'a do dulceiro Miquelón, ou a da Marquesa de Brinvilliers, no tempo antigo, ou as de Jack o Estripador ou Troppman, nos modernos; e n-outras cousas, lembra tamén os procesos de feiticería. Por outra banda; o ter atraguido xa d'aquela a opinión centífica ou pseudo-centífica, dalle ainda intrés. O certo é qu'esta causa preséntanos diante unha chea de probremas referentes a todal-as ramas da cencia, e que n-ela, por onde queira apálpas-o misterio. A xurisprudencia e a lóxica, a meiciña legal e a psiquiatría, a metapsíquica e o ocultismo, a mitoloxía e o folk-lore, teñen que ser chamados a capítulo, e marcan difrentes aspeutos pr'estudarmol-os feitos d'un home raro e misterioso qu'a xustiza condenou a morte.

Que caste d'home era iste? Imolo ver, botando mas das fontes mais auténticas que temos da sua vida: a Reseña da Causa (i), pubricada pol-o seu defensor na Audencia da Cruña, don Manuel Rúa Figueroa, e a tradición oral, ainda non moi lonxana dos feitos, e recollida na vila d'Allariz, de xente emparentada e achegada dos qu'interviron na Causa.

Pois Manuel Blanco Romasanta nasceu no ano 1810, no



lugar do Rigueiro, freguesía de Santa Baya d'Esgos, a unhas duas leguas e meia d'Ourense e tres d'Allariz. Con seguranza que foi xa de pequeno cando deprendeu a facer cordas e peneiras, que é traballo que s'adoita n-aquela térra, ond'os homes son cordelros e peneireiros (...) Moitas mais cousas deprenden ainda o Manuel, pois seica era home de curiosa abelencia pra toda sorte de traballos, así de home coma de muller, anque semella qu'o pirmeiro mester qu'exerceu foi o de xastre, que na consideración dos nosos peisanos, ven ser cousa intermeia antre muller e home... Logo foi peneireiro, cordeiro e cociñeiro, e por fin, facendo como facían outros moitos da parte d'Esgos, andivo c'unha tenda por Castela e Portugal, non sei dende cando, anque con seguranza dend'enantes do 1839, pois asegún conta, foi iste ano, cando lie pegou o mal (...) No ano de 1843, tiña a tenda nos pobos de Pardavé e Manzaneda, e alí foino embargar un ministro de León, por débeda que tiña co señor Sardo (...) . Acusárono da morte do ministro e o xues de Ponferrada condenouno en rebeldía a dez anos de presidio con retención e costas, en 10 de outono de 1844.

N-iste mesmo ano, ou no seguinte, aparez Manuel Blanco en Rebordechao, concello de Vilar de Barrio (...) Amostrábase con todos homilde, cariñento e ben criado, un pouco mariquiteiro e temeroso. Amostraba sobre todo ser home de moita relixión e caridá; axudaba ó abade, qu'o quería moito, e mais ó sacristán, guiaba o rosario na misa e daba esmolas. Ainda saía co-a tenda, iba pra Portugal mercar xéneros e as vegadas vendía no pobo panos da cabeza. Andaba d'aquela pol-os 35 anos e campaba ben; moreno craro, ollos castaños, cabelo negro, ollar doce, falangueiro, xeitoso, agudo e formal. Co-isto todo engayolou a unha muller casada, separada do home, que vivía en Rebordechao. Chamábase Manuela García e tiña unha filla natural chamada Petronila. O Manuel meteulles na chola que se foran co-il pra Santander, qu'as iba meter a servir en casas de cregos onde habían estar moi ben. E marcharon as duas co-il; e non voltaron; mais o Manuel cando viña d'alá traguía cartas d'elas dicindo qu'estaban moi satisfeitas. Pol-o ano de 1847, levou tamén a unha irmá da Manuela, chamada Benita, pra servir en Santander c'un amo moi rico, perto da irmá; a Benita levou co-ela un fillo de dez anos chamado Francisco, e nin voltou nai nin fillo. En 1850 levou á Antonia Rúa, de Rebordechao, co-a sua filla Pelegrina e tampouco deron volta. A Antonia deixaba unha filla, Maruxa; o Manuel recolleulla e tívoa co-il dazaoito meses coma si fora filla e tratouna moi ben; mais despois levouna pr'ond'a nai. Tamén levou o mesmo ano a un rapaz, sobriño da Manuela e da Benita e pr'o outro ano levou á nai do rapaz. Ainda quixo levar a outros, pois dos que co-il foran viña decindo qu'estaban moi ben, servindo en moi boas casas.

Mail-a xente emprincipiou a desconfiar. Principiaron a dicir qu'o Manuel Blanco levaba as mulleres engañadas, qu-as metía na serra, matábaas e sacáballes o unto pra ilo vender ás boticas de Portugal onde llo pagaban a peso d'ouro. Entón o Manuel desaparecen de Rebordechao e marchou pra Castela, c'un pasaporte con nome suposto que ll'expediron en Villeriño de Conso, gracias a un certificado falso que levaba. Esto foi antre nadal de 1851 e o febreiro de 1852. Ist'ano andivo na sega na vila de Nombela do partido d'Escalona.

Alí descobrírono tres segadores do partido de Verín qu'o denunciaron e o alcalde de Nombela mandouno prender. Il dixo que se chamaba Antón Gómez, natural e veciño de Nogueira de Monterramo, de 43 anos, viudo e d'oficio tacholeiro (...)

Trouguérono pra Allariz, e alí confesou. Non eran somentes os crimes que ll'apuñan; eran moitos mais, catro pol-o menos: unha rapaza qu'iba á feira de Viana, en As de Xarxes; unha muller preto de Chaguazoso; un rapaz que gardaba o gado entre Prado Albar e Chaguazoso e unha vella preto de Fornelos... Con pasmo dos da curia, Manuel Blanco Romasanta, non somentes confesaba os seus crimes, senon que s'acusaba d'outros que lle non apuñan. E eiquí aparez o misteiro.

Efeitivamente, había trece anos que Manuel Blanco Romasanta se sentirá ferido d'unha estrana e espantosa doenza. Manuel Blanco Romasanta, de cando en cando, volvíase lobo... E isto era por mor d'unha maldición, d'unha fada que lle botaran. Il non sabía quen o maldizoara, se foron os pais, se foi a sogra, se quen foi. O acaso é que de súpeto escomenzou a sentir un forte degoro de sangue e de morte; desexaba ardentemente faguer unha morte co pirmeiro que se lle presentara. Ós seis meses d'esto, estando na serra, no val do Couso, atopou dous lobos e d'aquela volveuse lobo il tamén. Andivo co-iles catro ou cinco días e ó cabo volveron tomar todos tres figura de cristaos; entón coñeceu ós outros dous, qu'eran dous valenciás, un chamábase don Genaro e o outro Antonio, qu'había tempo tiñan a mesma disgracia. Entón convenceuse o Manuel de que tiña a fada e dende aquela, unhas vegadas soilo, outras cos compañeiros, fixo as mortes todas que confesou. Cando lles pegaba o mal espíanse ata quedar en coiros, botábanse no chao, revolvéndose na terra e erguíanse en figura de lobos, e d'aquela guisa acometían e devoraban a quen fose, co-as poutas e cos dentes, sen se valeren d'outra arma nengunha, e comían o corpo da vítima, sen deixaren mais qu'os ósos (...)

E non somentes confesou isto todo, senón que guiou ó xusgado a varios sitios da serra de San Mamede, qu'era ond'il mataba a xente, como á Mallada Vella e Acibeiros da Redondela, ond'apareceu unha calivera de muller qu'il recoñeceu coma da Manuela Garcia ou da sua filla Petra, e ó Corgo do Boi, and'apareceu no sitio qu'il dixo un óso da pelvis d'outra muller que poidera ser a Benita García. Cand'amostraba o sitio onde matou á pequeña Maruxa Rúa qu'il tivera ano e medio na casa coma filla, choraba e refería como a rapaciña chea de medo lle pedía por Dios que non-a matara, mais il volveuse lobo e cumpríu o que lle mandaba seu triste sino.

Por certo que indo nun d'istes recoñecimentos, e achándose unha noite recollidos il e mais a xustiza nunha casa, non sei que lle dixo un dos escribanos qu'il responden: —«Ay si me volvera lobo!» Daquela o xuez colleu unha pistola e díxolle: —«Pois anda, estrévete a volverte lobo!» ó que responden o preso: —«Ay, señor, si me volvera lobo non había bala que me matara!» (...)

Seguiron as autuaciós da causa e informaron longamente os facultativos d'Allariz (...) E concruyen que Manuel Blanco Romasanta era un home normal e responsábele 8...9

Veleiquí propostos de súpeto os tremendos probremas que nos presenta a estrana vida de Manuel Blanco Romasanta: o probrema médico-legal e o probrema metapsíquico. O cual non sirven de ren, porque interposto o recurso de súprica e apesares da fermosa defensa que fixo don Manuel Rúa Figueroa, sostendo os pareceres xa indicados, a Sala enmendou a sentenza de segunda istancia e confirmou a do xusgado d'Allariz, condenando a Manuel Blanco Romasanta a morrer no garrote. A raiña indultouno por Real Orden de 13 de mayo de 1854, conmutándolle a pena pol-a inmediata inferior.

Vicente RISCO (1929) *Un caso de lycantropía,* pp. 13- 19.

## Punto 5 — Palla e Barro - Rúa Sur, nº3







Vicente Risco comentara moitas veces na prensa a deformación da arquitectura galega coa fachada de cemento e o balcón sureño, totalmente inapropiado para un clima como o de Galicia. Para moitos, estas deformacións estaban ligadas á prosperidade[2].

### Texto 10

La antigua parroquial de San Pedro, consagrada en 1171 por el obispo de Orense Adán, no conserva nada de su antigua forma. Lo que hoy existe es un edificio liso del siglo XVIII, sin interés. Suprimida la parroquia en 1893 por el arreglo del obispo don Cesáreo Rodrigo, uniéndola *modum unius* a la de Santiago, la iglesia fue cedida recientemente a los Salesianos, los cuales le adosaron en la fachada S. la portada románico-ojival de la iglesia de San Salvador de Piñeiro, arruinada por haber caído en ella un rayo en 1903, matando veinticinco personas.

Vicente RISCO (1928) *Provincia de Orense,* en F. CARRERAS Y CANDI (dir.) *Geografía general del Reino de Galicia*, Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín.

### Texto 11

A vivenda "é o instrumento de acomodanza do home na terra, e a ligame, o vencello do home coa paisaxe, facendo que a súa vida, consistente fundamentalmente nunha relación co medio, se exprese na casa, permitindo que dela poida deducirse toda a demáis cultura".

Vicente RISCO (1933) *Estudio etnográfico da terra de Melide*, Santiago, Nós.

### Texto 12

Se veía prosperar al señor Gervasio y a la señora Andrea.
Le dieron un alto a la casa, con dos balcones de esos de pila de fregadero; untaron la fachada de cemento, ampliaron la aira, criaron muchas gallinas. El señor Gervasio ya no iba a matara los certos más que en las casas ricas antiguas, con las que tenía amistad de muchos años.

Vicente Risco (1981), *Gamalandalfa* en *Obra completa*, p. 207.

---

[2] Olivia RODRIGUEZ (1993) *La obra narrativa de Vicente Risco*, Universidad Complutense de Madrid, p. 662.

## Texto 13

Cada día máis, a arquitectura é o símbolo máis claro da alma dos pobos. Cando a estrutura da casa cambia, é que a alma do pobo trocou e virouse, para a vida ou para a morte.

Vicente Risco (1934) *Mitteleuropa*, p. 262.

## Texto 14

### Balcones de cemento

También hay aquí balcones de cemento y de ladrillo, de esos que parecen los cajones abiertos de un mueble feo y mal hecho, tan mal hecho que no cierran los cajones. Hace mucho tiempo que vengo meditando este problema: el problema de para qué servirán estos balcones.

Se me ocurre si será para recoger el agua de la lluvia, para dedicarla a usos domésticos.

O si será para convertirlo en macetas de flores, pero no he visto en ellos ninguna.

O para llenarlos de tierra y cultivar berzas.

O para no ver la calle cuando se está sentado entre cristales.

O para ahorrar hierra, aunque sea de fundición, o para ahorrar madera.

O para nada, que será lo más probable.

Vicente Risco (1951) «Horas» en *La Región*, 5 de outubro de 1951.

## Texto 15

### Filogenia de la edificación

Entre los curiosos fenómenos que venimos observando hace algún tiempo, se encuentra el siguiente.

A las casas de Orense les va naciendo a cada una, una casita pequeña al pie.

Al pronto sorprende un polo la cosa; después se va comprendiendo que lo que sucede es que a las casas les nacen hijas.

Esas casitas pequeñitas que vemos nacer al pie de las casas grandes, son las crías de las casas. Es que las casas proliferan. Se conoce que se ha inventado el modo de hacer que las casas tengas sucesión, tengan familia, o como quiera llamársele.

Puesto que las vacas, las cerdas, las conejas y las gallinas, pongo por caso, tienen hijos, también deben tenerlos las casas. El saber humano debe suplir las fallas y defectos de la naturaleza.

Así, cuando vamos por la calle y notamos que la acera se ha estrechado, y que al pie de una gran casa hay construida una «casarella» pequeña, de ladrillo cubierto de argamasa o cemento, con su puerta de abrir y cerrar y todo, se nos ocurre que la casa grande ha dado a luz, y está criando. Es como una madre, con su hijo al lado.

Cuando la «casarella» vaya estando criadita, el propietario de la casa-madre, sin duda, venderá la casa-hija, para que la lleven a otro barrio, o a otra población, para que allí crezca y se desarrolle, y llegue a ser una casa grande. Y así cuadra, cuando llegue a mayor, llegará a tener, a su vez, casas hijas, con las cuales se pueda proceder del mismo modo.

Con esto quedaría arreglado en poco tiempo el problema de la vivienda, y muchos que hoy se dedican con tanto entusiasmo a criar gallinas en gallineros modelo, podrían dedicarse, en adelante, a la cría de casas, que sería, sin dda, un buen negocio.

Bueno. Yo bien sé que esto es una parvada muy grande, pero otros las han dicho peores, y no les ha pasado nada.

**La vergüenza del ladrillo**

Ya que de cosa tratamos relacionada con la arquitectura -acabamos de exponer algo así como una arquitectura vital- hablemos de otro asunto semejante.

Parece que donde hay piedra, debe mandar la piedra. Sin embargo, hoy se construye aquí bastante de ladrillo. Pero la gente no quiere mostrar paredes de ladrillo, y lo esconde. Siente la vergüenza del ladrillo y lo tapa con cemento.

Como si el cemento no fuera muchísimo más vergonzoso que el ladrillo.
El ladrillo es antiguo y noble. De ladrillo eran las murallas de Babilonia y las torres de los templos en Ur de los Caldeos, patria de Abraham. En ladrillo se escribió la epopeya de Gilgamés y las historias de la Creación y del Diluvio.

Sin embarbo, la gente procura que no se enteren de que las paredes de sus casas son como las de los templos de Marduk y los palacios de Nabucodonosor.

Las paredes de cemento es, como si fueran de papel mascado, y si sólo es cemento la cubierta, es un embadurnado gris y estúpido.

El ladrillo es amarillento o rojizo como las torres mudéjares y las viejas mezquitas, pero la gente quiere casas color de pomada mercurial.
Allá ellos.

Vicente Risco (1952) «Horas» en *La Región*, 25 de maio de 1952.

## Punto 6 — Castelo e Socastelo



O **castelo de Allariz**, do que se ten noticia dende o século XII, era unha das fortalezas máis importantes do sur de Galicia. Pertencente á Coroa, a súa tenza foi entregada a distintos nobres ao longo da Idade Media. Foi construído entre os anos 1072 e 1078 por Afonso VI. Resistiu o asedio da revolta dos Irmandiños en 1475, sendo un dos poucos en conseguilo, debido ás súas boas defensas. Fernán Ioannes guerreou contra o rei portugués Afonso Henriques desde Allariz, nos seus intentos de ocupar o sur de Ourense. No século XIV, o gobernador do castelo, Juan Rodriguez de Biedma tomou partido a favor de Pedro I, mentres que a poboación o fixo a favor do de Trastámara, o que provocou varios anos de violencia na vila. Entre finais do XIV e principios do XV sufriu unha considerable reconstrución. A mediados do século XV pasou a poder dos condes de Benavente, manténdose ata o XIX en mans de ramas desta familia, como os marqueses de Viana e os de Malpica. En estado de ruína xa a mediados do século XVIII, a súa propiedade foi revertida ao Estado en 1846 por vía xudicial procedéndose a continuación á súa venda en poxa pública. En 1847 comprouno o Concello de Allariz por 2.234 reais e 13 marabedís co fin de aproveitar a pedra como pavimento das rúas da vila. O material sobrante foi vendido aos veciños para a construción de casas ou peche de leiras. No expediente de poxa atópase unha breve descrición do estado do castelo realizada polos peritos que taxaron. Nela xa adiantan o destino que lle esperaba a esta fortaleza:

> «Que han pasado al reconocimiento de un castillo sito a la parte del norte de esta villa, su superficie interior es de dos mil tres cientos setenta y cuatro varas cuadradas circundado de muros gran parte de ellos arruinados y los que no lo están del todo amenazándola en algunos puntos. En lo interior se observa también la existencia de otros dobles y derribados también en gran parte. Además el terreno por los muchos escombros que hay y su situación merece muy poco valor y si alguno tienen estas ruinas es el que puede prestar la venta de la piedra que en un país como este

abundante de tal material y de fácil corte y conducción rebaja su valor considerablemente. Por lo que son de parecer los declarantes que atendiendo también a lo inservible del edificio, necesarios gastos de demolición y de administración, gradúan prudencialmente su valor en diecisiete mil ochocientos reales».

O enxeñeiro alaricano Francisco Conde-Valvís Fernández, mostrou nos anos cincuenta do pasado século a súa teoría de que o castelo de Allariz non puido estar no outeiro chamado «O Castelo» porque só hai rebaixes para asentar cimentación de construcións na zona leste e non quedan restos do recheo da muralla que non foron utilizados despois. Como a vila dispoñía de fortes murallas, Conde Valvís dicía que non era necesario levantar o castelo na parte máis alta senón que estaría dentro do recinto amurallado e no que hoxe se chama «O Castelo» situaríase unha atalaia.




**Texto 16**

**El Castillo de Allariz y su emplazamiento**

En Allariz, al señalarnos la colina denominada «O Castelo», en cuya falda Sur parece como reclinada la villa, todos hemos oído decir que en su cima había habido una fortaleza o castillo. Asimismo la tradición y los eruditos lo vienen situando en ésta misma loma.

También nosotros hemos dado por buena esta localización hasta cierto día, en que, acompañados de nuestro buen amigo Don Jose Nogueiras, conocedor, como pocos, de múltiples pormenores históricos de Allariz y defensor, como pocos también, de que allí había estado asentado el Castillo, fuimos a visitar el referido lugar de «0 Castelo».

De un somero reconocimiento del terreno no pudimos sacar otra conclusión que la de que, en tiempos ya muy remotos, debió de existir allí algún edificio, pues en un terreno de no grande extensión superficial se encuentran fácilmente abundantísimos trozos de fondos y bordes de vasijas, de tipo castrexo y también romano.

Teniendo en cuenta esta altura y dichos restos, creemos muy probable que esta fuese la parte más alta de uno de los castros u *oppido*, que desde la mansión *Gémina*, junto al Castillo de Sandias, jalonaban la vía XVIII de Antonino hasta llegar a la mansión *Salientes*, que, como hemos demostrado en otro lugar[3], se hallaba en el Castro de Armea, feligresía de Santa Mariña de Aguas Santas. Tales, fueron, creemos, los de Castro y Romasanta y los de Turzás y Rubiás, antes y después de Allariz.

Ningún documento se ha podido encontrar, hasta la fecha, que nos diga del verdadero emplazamiento del Castillo. Hemos recurrido al Archivo de Simancas y a la Biblioteca Nacional, a las secciones en que podría encontrarte algún dato o croquis de esta fortaleza (...)

Francisco Conde-Valvis Fernández (1957-58) *El Castillo de Allariz y su emplazamiento,* Separata do *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, t. XIX, 1957-58.

[3] «La CIbdá de Armea, en Santa Marina de Augas Santas» Sep. del T. VI del *Boletín del Museo Arqueológico de Ourense*, 1951-52.

## — Socastelo e os xudeos[4]

No **Foro** de Allariz, outorgado por Alfonso VII á Vila en **1157** e que regulamenta polo miúdo as relacións de convivencia, non se fai a máis mínima alusión á presenza xudía. A primeira referencia documental atopámola en **1186**, data na que o Xudeu Maor lle merca ao Concello un anaco de terreo para situar o cemiterio.

Este primetro asentamento situábase nos suburbios da Parroquia de San Pedro, entre Torre Lombarda e a Porta de Vilanova, dentro da muralla e delimitado pola Rúa de San Lázaro, lugar de notable desnivel, no que aínda perdura o topónimo Barranquiño. Entre a muralla e o río estendíase o Campo dos Coiros –hoxe Portovello– cunha actividade de curtición ligada á presenza xudía que perdurará na evolución socioeconómica da Vila.

Se ben a lexislación establecía a obrigatoria segregación das comunidades, todo parece indicar que a práctica cotiá obviaba este rigorismo. De todos os xeitos e puntualmente deberon producirse numerosos conflitos e enfrontamentos como se tira das sucesivas cartas de avenencia e conciliación entre ambas comunidades.

A primeira delas data de **1249**: *«Sepan cuantos vieren esta página para siempre valedera que los que habitan en el atrio, por sí y por su parte y los que habitan en Vilanova y en S. Pedro por sí y por su parte, hacen en, firme el siguiente pacto de amistad...»* Intento de achegamento entre os cristiáns que habitan nas imnediacións do adro de San Pedro e os xudeus dos suburbios da mesma parroquia e de Vilanova.

Chama a atención a masiva concentración de institucións destinadas a grupos marxinais ou de presenza próxima non desexable (leprosario de San Lázaro, Hospital de




---

4 Antonio Blanco Rodríguez (2000) "A presencia xudía en Allariz", *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº. 11 de novembro, p. 20-28.
Os planos son tomados de Rhttps://galizasefarad.wordpress.com/2014/11/14/allariz/

peregrinos do Seixón e Hospital do Conde na rúa do mesmo nome, Albergue de San Pedro...) durante estes séculos nas inmediacións da Parroquia de San Pedro. A Vila xurdira e medrara en rúas paralelas ó castelo xusto no outro extremo, sendo aínda hoxe perceptible unha maior densidade de edificación na zona leste, preto do castelo, que na oeste, preto de San Pedro.

O **20 de maio de 1289** asínase o principal documento en relación coa comunidade xudía: a Carta de avenencia que debe regular de mutuo acordo a convivencia. O pacto asínase en pé de igualdade, baixo a autoridade real representada por Pero Eanes, meiriño da Vila. Acórdase separar as celebracións públicas e que os cristiáns non moraen na xudería e viceversa. O Xudeu Maior, Isaac Ismael, deberá entregar «*a casa do burgo polos danos que seus xudeus hi feçeren...»* o que pon de manifesto que os xudeus tiñan propiedades no barrio cristián e incluso no novo barrio do Couto onde se está a construír o Convento de Santa Clara ao que na mesma carta establece o compromiso de doar en herdade «*a orta que hi ten... por que as Donas do Mosteiro podan.... façer seu cimeterio».* O documento sinala a localización da sinagoga e cemiterio: no Subcastelo, nun terreo cedido polo Concello en 1186. Ademais faise unha primeira referencia ao barrio do Couto, confirmado posteriormente por **Carta puebla de Sancho IV de 1293** e que, co tempo, rematadas as obras, será ocupado polos xudeus.

Nin a carta de 1249 nin a de 1289 deberon eliminar os conflitos. A Festa do Corpus fora instituida por bula de Urbano IV en 1272 e a súa procesión ordenada por Xoán XXII en 1316. Pola súa banda, a Cofradía do Corpus Deus estableceuse en Allariz na Parroquia de San Pedro e perdurou ata 1875. No primeiro ano de celebración da procesión xa se produciron conflitos entre xudeus e cristiáns. Neste contexto deben situarse os acontecementos de **1317 con Xoán de Arzúa** como protagonista. Subido a un boi guiado polos seus criados, a golpes de fariña e formigas bravas, vai escorrentar os xudeus cara ao seu barrio.

Durante o conflicto sucesorio mantido entre Enrique de Trastámara e Pedro I a presenza xudía debía ser aínda de notable entidade. Este último nomea a Fernando de Castro administrador dos reinos de Galicia, León e Asturias, quen mediante **Carta outorgada de 5 de maio de 1366** declara en Allariz unha especie de amnistía xeral: «*... por cualesquier maleficios que cualesquiera de ellos hayan hecho o se hayan guardado de hacer en cualquiera manera, tanto judíos como cristianos...».*

As décadas finais do s. XIV e o decorrer do s. XV significan un camiño de decadencia cara á extinción da colonia xudía. Esta trasládase, agora xa extramuros, ao Subcastelo e O Couto onde remataran as obras do Convento.

A altura de **1487** o párroco de Santo Estevo manda Carta de aforamento en beneficio dos xudeus para que ampliaran o seu cemiterio. Igualmente significativo resulta o caso de **Mosé Peres**, xudeu recadador de alcabalas reais en Ourense que, ao ser requirido para que se apartara á Rúa Nova desta cidade, manifesta que el era veciño de Allariz, o que sen dúbida amosa unha maior tolerancia aínda nestas datas na Vila que na capital.

